

# Presentación

**N**o ano 2012 saíu do prelo o libro colectivo *O(s) sentido(s) da(s) cultura(s)*, convertido agora en primeiro dunha obra en dous volumes, ambos compilados por Ramón Máiz, pois felizmente logramos cumprir co desexo institucional, expresado no limiar polo presidente Ramón Villares, de que nuns poucos anos se puidese ofrecer noutro fardelo un novo conxunto de textos e debates igualmente interesantes con que contribuírmos a repensar e a construír a cultura galega do século XXI, en permanente diálogo coas grandes correntes do pensamento actual. O primeiro volume recollía 28 textos elaborados para ser presentados e debatidos en sesións periódicas que se desenvolveron no Consello da Cultura Galega ata 2010; o segundo volume reúne 24 contribucións producidas, no mesmo ciclo e contexto, durante os anos 2010-2017. É de xustiza deixar pública constancia da paternidade intelectual do profesor Ramón Máiz, na altura membro do Pleno e coordinador da Sección de Filosofía e Pensamento, e reiterar a gratitude institucional pola dedicación, empeño e excelencia con que levou adiante o programa durante un período tan dilatado.

Partiamos xa de inicio de que o concepto de cultura non é nin estático nin atemporal, pois está en constante mutación diacrónica e diatópica, transformándose ao fío da globalización e das mobilizacións arredor do pluralismo cultural, abalando entre o individualismo e o comunitarismo. Neste marco, diante da complexidade consabida como resultado de reflexións previas propias e alleas e, sobre todo, das novas formas de entender o termo cultura, o Consello da Cultura Galega botou a andar en 2007 o ciclo *O(s) sentido(s) da(s) cultura(s)*. É difícil non reparar na oscilación intencionada entre singular e plural, tanto en *sentido/sentidos* coma en *cultural/culturas*. Respondía o ciclo á vontade de ofrecermos un espazo de reflexión sobre o propio concepto, entendido en diálogo constante coas tendencias que marcan os camiños do pensamento na sociedade actual. Foi a porta de acceso a un debate aberto e colectivo, fecundo e necesario, sobre as

diferentes correntes de pensamento que atenden á significación e ás varias formas de representación da cultura. O volume, por forza, só contén os textos redactados polos diferentes autores e autoras; mais no repositorio do Consello da Cultura Galega están accesibles en aberto non só as gravacións das conferencias senón tamén os debates a que deron lugar, en interacción co público, entre o que se conta un selecto grupo de convidados e convidadas que tiñan acceso previo aos textos e opinión meditada.

Este novo volume recolle un debate coral, co contributo de vinte e cinco intelectuais, tan variados coma representativos, que poñen o foco sobre o concepto plural de cultura para nos mostraren con olladas diversas as moitas maneiras de entendela, e as súas implicacións. Reflexionouse sobre Europa en clave de fortaleza coa análise das diferentes formas de valados, fronteiras, exilios e demais movementos migratorios; expuxéronse as múltiples formas de discriminación (sexo, raza, xénero, orientación, capacidades...), articuladas nunha realidade complexa na que cómpre analizar non só os oprimidos senón tamén a súa relación cos grupos opresores; seguindo o ditado da actualidade, prestouse atención aos populismos, as súas formas e as súas estratexias; houbo ocasión para falar dos espazos de diálogo entre a historia, a literatura e a biografía, para repensar o rol dos museos da memoria na construción das identidades culturais, ou para mostrar a necesidade de mudar os valores cara a unha cultura da sustentabilidade... A galería de textos ábrese co capítulo de Ramón Máiz, «Cultura, sentido e política», que tamén dá título ao volume, para situar o marco teórico das reflexións sobre as mudanzas actuais do concepto, á luz das tendencias e avances da ciencia social contemporánea.

**Rosario Álvarez**

Presidenta do Consello da Cultura Galega